

*PROXECTO
EDUCATIVO*

2019-2020

COLEXIO M^a INMACULADA

OBXECTIVO VEDRUNA- Curso 2019-20
“ CRECER É COMPROMETERSE COA VIDA ”

O lema do trienio 18-21 é **Escola Vedruna- Escola de Vida.**

O primeiro ano aprendemos que o cambio se produce en todos os ámbitos da vida dunha persoa e que o cambio implica crecemento.

O obxectivo deste segundo ano é comprender que crecemos se poñemos en práctica un estilo de vida que nos fai mellores persoas e nos comprometemos con el mesmo se vivimos uns valores que nos axuden a transformar o mundo, para que sexa máis xusto e máis humano.

Na escola Vedruna, a vivencia destes valores, baseados no Evanxeo e presentes no Proxecto Educativo Vedruna, supoñen un compromiso coa vida e co desenvolvemento de actitudes favorecedoras de vida coma o agradecemento, o coidado e a colaboración.

Os contidos deste obxectivo son:

- Aprender a coidar dun mesmo: corpo, mente, corazón.....
- Aprender a coidar dos demais: voluntariado, axuda, proximidade, amizade, integración...
- Aprender a coidar do medio: sostenibilidade, reciclaxe, protexer, respectar ...



**MEDRAR É COMPROMETERSE
COA VIDA**

PLAN DE ACTIVIDADES DO CURSO 2019-2020

SETEMBRO:

2	Luns	Probas extraordinarias.
3	Martes	Probas extraordinarias.
4	Mérc	Probas extraordinarias.
5	Xoves	Avaliación ESO e 1º Bach. Entrega de notas ESO e 1º Bach
6	Venres	Entrega notas
10	Martes	Reunión cos pais de alumnos de 4º EI.
11	Mérc.	Comezan as clases para E.I. e E.P.
12	Xoves	Comedor.
13	Venres	Saúdo, acollida e entrega de horarios Secundaria e Bach
16	Luns	Comeza a xornada lectiva para ESO e Bacharelato.
23	Luns	Presentación Obxectivo alumnos ESO e Bach
25-28		Camiño de Santiago con alumnos de 4ºESO e 1º e 2º Bach
27	Venres	Convivencia alumnos 1º,2º e 3º ESO
30	Luns	Consello escolar. Reunión cos pais e alumnos con materias pendentes. Inauguración curso EI e 1º e 2º EP

OUTUBRO:

1	Martes	Comeza a xornada pola tarde e as actividades extraescolares. Xuntanza con pais de 5º e 6º EP. Inauguración curso 3º, 4º, 5º e 6º EP
2	Mérc	Xuntanza con pais de 1º, 2º de Bach. Xuntanza pais 5º EI
3	Xoves	Xuntanza 3º e 4º EP
6	Dom	Aspanaex
7	Luns	Xuntanza con pais de 3º e 4º ESO. Xuntanza pais 2º EP
9	Mérc	Xuntanza con pais de 1º e 2º ESO e con pais 6º EI e 1º EP
18	Venres	Vixilia Domund
20	Dom	Domund
28	Luns	Preavaliación de 2º de Bach.
31	Xoves	Día do Ensino. Non lectivo

NOVEMBRO:

1	Venres	Todos os Santos. Festivo
4	Luns	Eucaristía defuntos
7-15		Campaña recollida de roupa
5	Martes	Preavaliación de ESO e 1º Bach
26	Martes	1ª Avaliación 2º Bach.
29-11		Campaña recollida de alimentos

DECEMBRO:

1	Dom.	Primeiro Domingo de Advento
5	Xoves	Celebración cos alumnos do Día da Inmaculada.
6	Mérc	Día da Constitución. Festivo
8	Dom	Festa da Inmaculada. Celebración no colexio.
10	Martes	1ª Avaliación EI, 2º EP
11	Mérc	1ª Avaliación 1º ESO, 3º EP
12	Xoves	1ª Avaliación 2º ESO, 5º EP
16	Luns	1ª Avaliación 1º e 4º EP
17	Martes	1ª Avaliación 3º e 4º ESO, 6º EP
		Festival de Nadal Infantil, 1º y 2º de Primaria
18	Mérc	1ª Avaliación 1º Bach
19	Xoves	Festival Nadal
21	Sábado	Vacacións de Nadal.

XANEIRO:

8	Mérc	Volta ás clases.
28	Martes	Consello Escolar
27-31		Semana da Paz e da Convivencia
30	Xoves	Día da Paz.

FEBREIRO:

6	Xoves	Día do Xaxún voluntario. Proxecto Fundación Vic
10-14		English cultural week
24-25		Entroido. Non lectivo
26	Mérc.	Cinza. Comezo da Coresma. Non lectivo. Fundación da Congregación HH. Carmelitas
27	Xoves	2ª Avaliación 2º Bach. Celebración da Fundación da Congregación HH. Carmelitas

MARZO:

1	Martes	2ª Avaliación 2º Bach
8	Dom	Día da Muller Traballadora
19	Xoves	San Xosé. Festivo
20	Venres	Non lectivo elixido polo Claustro
26	Xoves	2ª Avaliación de 1º e 2º de ESO, EI e 1º EP
28	Sáb	Reconquista Vigo
30	Luns	2ª Avaliación 1º Bach, 2º e 4º EP. Celebración da Penitencia
31	Martes	2ª Avaliación 3º e 4º ESO, 3º e 5º EP

ABRIL:

1	Mérc	Convivencia 3º e 4º ESO. 1ª Avaliación 6º EP
---	------	--

2	Xoves	Triduo Pascual para familias
3	Venres	Celebración Semana Santa con alumnos
4-13		Vacacións Semana Santa
23	Xoves	Día do libro

MAIO: “MES DE MARÍA”

1	Venres	Festa do Traballo. Festivo
4	Luns	Non lectivo elixido polo Claustro
8	Venres	Acto académico de Imposición de Becas de 2º Bach.
17	Dom	Día das Letras Galegas
11-20		Exames materias pendentes
22	Xoves	Pola tarde comezan as Festas colexiais.
23	Venres	Celebración relixiosa. Festas colexiais.

XUÑO:

1	Luns	Comeza a xornada lectiva continuada.
5	Venres	Eucaristía 4º ESO
8	Luns	3ª Avaliación 1º Bach
9	Martes	Preavaliación ESO
12	Venres	Eucaristía Antigos Alumnos
15-18		Exames finais ESO e Bach
15	Luns	3ª Avaliación EI e 4º EP
16	Martes	3ª Avaliación 1º e 3º EP
17	Mérc.	3ª Avaliación 2º e 5º EP
18	Xoves	3ª Avaliación 6º EP
19	Venres	REMATE DAS ACTIVIDADES LECTIVAS.
22	Luns	Avaliación final ESO e 1º Bach
24	Mérc	San Xoan. Festivo
26	Venres	Eucaristía profesores
29	Luns	Consello Escolar

Plan de interioridade

Cando falamos de educación de Interioridade estamos a falar de crear persoas comprometidas desde o interior, que sexan capaces de afrontar os conflitos como oportunidades de crecemento e saiban facer lecturas profundas das súas vidas.

Nun mundo competitivo, no que os cambios acelerados dan orixe a un novo perfil de persoa, é necesario atender ao SER, aprender a escoitarse a un mesmo conectando co máis profundo e sagrado que cada persoa ten dentro dela.

Crece nun mundo máis relaxado e reflexivo, fai que mellore o proceso de ensino-aprendizaxe. Tamén axuda a potenciar a motivación persoal, a creatividade, e capacita a quen así se desenvolve, para valorar e gozar das cousas sinxelas.

A pedagogía da Interioridade ensina a vivenza dos valores sociais, morais, estéticos, intelectuais, afectivos e ambientais, o que leva consigo axudar a ter unhas conviccións profundas e desenvolver unha personalidade firme.

Educar no silencio e a Interioridade é ensinar a achegarse á vida cunha mirada que non queda na superficie das cousas, senón que traspasa e permite a análise e a valoración do esencial.

Os valores que consideramos importantes

Desde os cales realizamos a nosa tarefa docente e que promovemos nos nosos alumnos:

- Amor, respecto, autodisciplina, asertividade.
- Descubrimos os potenciais e os talentos dos nosos alumnos para dende aí deseñar as aprendizaxes significativas.
- Solidariedade e empatía.
- Actitude reflexiva e responsable na toma de decisións; capacidade para asumir compromisos.
- Esfuerzo, constancia e hábito de traballo; ensinamos a traballar con alegría e sentido do deber.
- Autonomía persoal e resiliencia ante as dificultades da vida.
- Sensibilidade ante os problemas dos demais, participación en actividades de voluntariado, fomento do concepto de responsabilidade social.
- Interese pola cultura, a comunicación e a arte. Desenvolvemento de valores democráticos.
- Preocupación polo medio e fomento do coidado do ámbito.
- Rutinas de pensamento.
- Fomento da creatividade.

Formación en lingua estranxeira

Plurilingüismo

O centro imparte, ademais da materia curricular de Lingua Inglesa, outras materias neste idioma:

- Plástica e Educación Física en distintos curso de Primaria de xeito que en todos os cursos da etapa hai unha ou dúas materias non lingüísticas en inglés.
- Unha ou dúas materias, segundo curso, desde 1º a 4º da ESO.

Seguimos a participar no proxecto **BEDA**. Este proxecto en colaboración con outros centros de toda España consiste nunha implantación gradual do ensino bilingüe Español-Inglés no Colexio reforzando e ampliando determinados aspectos da vida educativa lingüística do Currículo e do ámbito escolar, a través de 3 pilares básicos:

- Incremento cualitativo e cuantitativo do ensino do inglés.
- Formación específica do profesorado.
- Avaliación externa con Cambridge para alumnos, profesores e persoal do centro.

Seguimos a contar no presente curso cunha **auxiliar de conversa** que permite mellorar a competencia lingüística dos nosos alumnos.

Promovemos estancias no estranxeiro cos alumnos maiores e campamentos de inmersión cos de Primaria.

Participación no programa Erasmus con dous colexios franceses.

O noso colexio é centro examinador dos exames de **Cambridge** e cada ano obteñen un diploma que acredita as súas destrezas en inglés.



Innovacións metodolóxicas

Intelixencias Múltiples e Aprendizaxe Cooperativa: a unión de dúas metodoloxías para lograr un novo paradigma en educación

A teoría das Intelixencias Múltiples é un modelo proposto por Howard Gardner no que a intelixencia non é vista como algo unitario e estático, senón como un conxunto de intelixencias diversas, independentes e dinámicas, que poden ser moldeables cun axeitado adestramento. Segundo Gardner posuímos oito intelixencias: lingüística, musical, lóxica matemática, espacial, corporal - kinestésica, intrapersoal, interpersoal e naturalista. As devanditas intelixencias poden desenvolverse e mellorarse a través da práctica e a aprendizaxe.

Empregar o marco das Intelixencias Múltiples na aula refórzase tremendamente se, ademais, o profesor ensina os seus alumnos a traballar cooperativamente. A estruturación cooperativa da aprendizaxe require estruturar a clase de maneira que o mestre/a non sexa o único que "ensina", senón que tamén os alumnos, en pequenos equipos de traballo cooperativo, sexan capaces de "aprender mutuamente", de cooperar e axudarse á hora de aprender, proceso que favorece a propia aprendizaxe e o desenvolvemento integral do alumno así como as habilidades sociais. Ademais promove a igualdade de oportunidades entre os membros do equipo, independentemente do nivel académico, para que todos poidan aportar, opinar e conseguir así un traballo máis completo e con mellores resultados. O traballo cooperativo propicia un espazo de aprendizaxe e Convivencia onde se poñan en xogo as habilidades sociais e as destrezas individuais de cada un, para conseguir con éxito un obxectivo común

Levamos dous anos traballando as matemáticas en Infantil e nos primeiros cursos de Primaria co método ABN.

En definitiva, se queremos resultados novos en Educación, debemos implantar metodoloxías novidasas, que fagan ao alumno protagonista da súa aprendizaxe.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL E ORIENTACIÓN

O obxectivo da titoría é acompañar a cada alumno no proceso de maduración integral como persoa; trátase de establecer co alumno unha relación que o oriente no seu proceso de aprendizaxe, o acompañe nas súas situacións persoais, o asesore nas dificultades e o axude a superalas, establecendo unha relación moi estreita e constante tanto cos rapaces coma cos seus responsables, as familias.

A Acción Titorial é un compoñente inseparable da orientación educativa, polo que, ademais deste Plan para os titores, o Departamento de Orientación tamén traballa e axuda á maduración persoal cos alumnos e cos seus pais.

TITORES EN EDUCACIÓN INFANTIL			
4º A	Ana Álvarez Pol	4º B	Adrián Vázquez Cid
5º A	Julio Ceide Rodríguez	5º B	María Amelia Sánchez García
6º A	Teresa Hevia García	6º B	Ana Mª Salado Pérez
TITORES EN EDUCACIÓN PRIMARIA			
1º A	Patricia de Dios Alonso	1º B	Andrea Rodríguez Alonso
2º A	Teresa Portela Vázquez	2º B	María Rodríguez Alonso
3º A	Isabel Sobrino Ramírez	3º B	Silvia Simón Rodríguez
4º A	Mónica Cheda Justo	4º B	Lorena Pose Juan
5º A	María Jesús Verde Rodríguez	5º B	Carlos López Troncoso
6º A	Ángeles Valverde Gómez	6º B	Ángela Romero Martínez
AULA EDUCACIÓN ESPECIAL			
Sandra Mª Rodríguez			
TITORES EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA			
1º A	María Almeida Bautista	3º A	Patricia Abalde Nieves
1º B	Macarena Izquierdo Castro	3º B	Manuel Alonso García
1º C	Ángela Alonso Guinde	3º C	Mar Sánchez-Agustino
2º A	Mª Teresa Sánchez Dapena	4º A	Pilar Pazó Riveiro
2º B	Mª Carmen Pérez Tanoira	4º B	Óscar Taboada Villanueva
2º C	Clara María García García	4º C	Rosa Mª Amoedo Mejuto
TITORES EN BACHARELATO			
1º A	Carlos Álvarez Fariñas	2º A	Mª Dolores Vila Alonso
1º B	Almudena González- Besada	2º B	Lidia Rolán Fernández

Director Xeral	Jesús Costas González
Xefa de Estudos	Magdalena Sofía Mariño Vila
Coordinadora Pastoral	Almudena González-Besada
Orientadora	Sandra Rivera Baltanás
Coordinadora EI e EP	Patricia de Dios Alonso
Coordinador 1º e 2º ESO	Magdalena Sofía Mariño Vila
Coordinador 3º e 4º ESO	Óscar Taboada Villanueva
Secretaria	Yolanda Pernas

VISITAS / SECRETARÍA

Para unha maior eficacia e organización os pais que desexen ser recibidos polo titor ou polo director poden solicitalo a través do seu fillo ou por teléfono concretando o motivo e a data da cita.

Todos os documentos deben ser solicitados cun día de antelación.

A Secretaría do Centro está aberta ao público nos días lectivos, de luns a xoves, de **9,30 a 13,00 h** e de **16,00 a 18,00 h** e o venres de **9,30 a 13,30**

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Con este tipo de actividades pretendemos:

- Contribuír ao desenvolvemento integral da persoa.
- Potenciar as capacidades específicas de cada alumno, complementando as actividades curriculares.
- Orientar o tempo de lecer ás actividades culturais e deportivas.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: Comedor e acollida matinal.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

ARTÍSTICO CULTURAI: Guitarra, Xadrez, Escola de actores, Obradoiro de Inglés, Robótica, Emocionarte.

DEPORTIVAS: Fútbol Sala, Minibasket, Iudo, Aeróbic, Natación, Música e Movemento. Multideporte en inglés, Ximnasia rítmica,. Pilates Infantil,

NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

As Normas de Convivencia do Centro definen as características das condutas que deben promoverse para acadar:

- O crecemento integral da persoa.
- Os fins educativos do Centro.
- O desenvolvemento da Comunidade Educativa
- Un bo ambiente educativo e de relación no Colexio.
- O respecto aos dereitos de todas as persoas que participan na acción educativa.

ALUMNADO

RESPECTO:

- Respetar ao compañeiro, ao profesor, e aos demais membros da Comunidade educativa, sen rirse de posibles equívocos e defectos.
- Chamar a cada cal polo seu nome, sen referencias que poidan molestar.
- Facer un correcto uso da linguaxe e ter delicadeza no trato.
- Desculparse se se molestou a alguén.
- Adiantarse a dar unha explicación antes de que a pidan.

ESTUDO:

- Ser puntuais nas entradas ao colechio e cambios de clase.
- Acudir a clase co material escolar axeitado e telo ordenado e a punto.
- Manter unha actitude de atención e traballo na clase.
- Non falar nin molestar durante as explicacións.
- Tomar nota das tarefas que mandan os profesores e realízalas.
- Previr as cousas, evitar pedir permisos innecesarios.

LIMPEZA:

- Coidar a hixiene persoal.
- Presentar os traballos sempre limpos e ordenados.
- Manter limpos e coidados os pupitres, paredes e dependencias en xeral.
- Manter limpos e coidados os libros.
- Non comer nin beber nas clases.
- Facer un uso axeitado das papeleiras, tanto na clase coma nos patios.
- Os/as alumnos/as, ata 2º de ESO inclusive, han de traer o uniforme completo e limpo. A saia é plisada e non tableada. As bufandas deben ser brancas ou azuis. Os abrigos teñen que ser azuis. Os suadoiros teñen que ser brancos ou azuis e non poden substituír á chaqueta do chándal.
- A partir de 3º de ESO deben vir coa roupa axeitada ao Centro.
- Non se permite asistir ao colechio con piercing.

AMBIENTE ACOLLEDOR:

- Camiñar polos corredores e escaleiras sen présas, sen empurróns e sen berros.

- Moverse polo colexio polos lugares indicados (escaleiras, entradas e saídas) procurando facelo cada quen pola dereita.
- Utilizar un ton moderado de voz usando un vocabulario apropiado.
- **Xustificar, a través da plataforma ou por escrito, as faltas de asistencia e de puntualidade.**
- Pedir permiso ao profesor para entrar, no caso de chegar tarde, e explicar o motivo máis tarde.
- Non saír ao corredor nos cambios de clase e esperar dentro da aula, nunha actitude de orde, a chegada do profesor.
- Non traer ao Colexio obxectos cos que poidan danarse a si mesmos e aos demais.
- Durante a xornada lectiva os alumnos deben ter o teléfono móbil apagado.
- Está prohibido o uso do teléfono móbil no Colexio, así como calquera outro aparato gravador ou reprodutor

RECREEO:

- Non se pode quedar nas aulas, corredores, nin outras dependencias.
- Permanecer no patio ata oír o sinal correspondente, disfrutando do tempo de lecer cos demais.
- Non usar balóns duros e non colgarse das canastras nin porterías.
- Usar os servizos do patio.

OUTROS:

- Para poder saír durante o horario escolar débese entregar ao titor/a unha nota escrita do pai, nai ou titor legal, debendo vir a buscalo persoalmente.

PAIS E NAIS

- Teñen dereito a recibir información do profesor-titor daqueles aspectos relacionados co desenvolvemento académico dos seus fillos/as.
- Teñen dereito a coñecer o calendario escolar e as actividades escolares que se realicen.
- Deben proporcionar aos seus fillos o material escolar necesario para o desenvolvemento das actividades diarias.
- Deben cooperar co Centro en todo o que respecta á educación do seu fillo/a colaborando no cumprimento destas Normas de Convivencia.
- Deben velar pola asistencia puntual a clase do seu fillo/a.
- Deben acudir ao Centro sempre que sexan requiridos polos profesores e manter un estreito contacto co Colexio.
- Deben xustificar na plataforma ou por escrito as faltas de asistencia ou puntualidade do seu fillo/a.
- Poden acompañar aos seus fillos/as ata a entrada do Colexio pero, en ningún caso, deberán entorpecer as filas, entrar no Centro nin poñerse diante das portas, para non obstaculizar as entradas e saídas do alumnado.
- Deben mostrar cara o Colexio unha actitude de colaboración, respecto e participación.

MEDIDAS CORRECTORAS

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
- f) Cambio de centro.

Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia:

- a) Amoestación verbal privada ou escrita.
- b) Comparecencia inmediata ante o coordinador de ciclo ou a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
- f) Cambio de grupo.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.

Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

A concreción destas medidas están detalladas no Regulamento de Réxime Interno do Centro e no Plan de Convivencia.